

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A FUNDACIÓN ÉRGUETE-INTEGRACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DE PROGRAMAS DE INCORPORACIÓN SOCIAL A PACIENTES CON TRASTORNOS ADICTIVOS. PROGRAMA ITINERE.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, DECLARA:

Que o Servizo Galego de Saúde e a Fundación Érguete-Integración, asinaron o 3/4/20 un convenio de colaboración cuxo obxecto é o desenvolvemento, por parte da Fundación Érguete-Integración, de programas e actividades do PROGRAMA ITINERE, de seguimento e atención das persoas en tratamento unha vez excarceradas, no eido da incorporación social de drogodependencias, sendo a devandita entidade a responsable técnica e administrativa da xestión dos programas obxecto deste convenio.

Desenvolveranse un conxunto de actuacións a través das cales a poboación reclusa destinataria poida adquirir ou completar a súa cualificación e competencias profesionais, coñecer a situación do mercado laboral e as técnicas máis axeitadas para acceder a él, así como recibir, no seu caso, apoio específico para o seu proceso de inserción laboral. O ámbito territorial de aplicación deste programa estenderase aos internos e internas, que se atopen en proceso de excarceración nas Institucións penitenciarias de A Lama (Pontevedra), Pereiro de Aguiar (Ourense), Teixeiro (A Coruña), o Centro de Inserción Social “Carmen Avendaño” (Vigo-Pontevedra), e o Centro de Inserción Social de A Coruña.

Dada a especificidade técnica que requiren os devanditos programas de carácter sociosanitario e incorporación social, así como as actuacións que desenvolve a entidade no relativo á programación, coordinación, execución e avaliación das distintas accións e a prioridade de darlle continuidade aos programas que se desenvolven a través da rede de prevención e incorporación social do Plan de Galicia sobre Drogas obxecto do convenio, non é posible promover concorrencia pública, de conformidade co previsto nos artigos 19 e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, estímase xustificado o recurso á sinatura do convenio indicado no encabezamento, con exclusión doutras figuras.

O xerente do Servizo Galego de Saúde

Antonio Fernández-Campa García-Bernardo